

A EXPERIENCIA ADMINISTRATIVA DE DOMINGO FONTÁN

por

BALDOMERO CORES TRASMONTE

1. Entre a Xunta de repartimento da Contribución Directa e a Secretaría da Deputación Provincial de Galicia

Domingo Fontán iniciou a súa actividade administrativa no ano 1818, cando foi nomeado Vocal da Xunta de repartimento da contribución directa da provincia de Santiago. No ano 1820 acadou o cumio da súa actividade ó servizo da Administración pública cando foi nomeado Secretario da Deputación provincial de Galicia, cargo desde o que pasou logo a exercer como secretario da Deputación provincial da Coruña. A unha intensa actividade académica, como profesor de Matemáticas Sublimes e de Física experimental, xuníu, xa desde 1817, novas experiencias administrativas ó seu perfil biográfico. Das matemáticas sublimes pasou, en parte debido a esa actividade administrativa, a unha aplicación das matemáticas á realidade social de Galicia. Das formulacións teóricas das aulas pasou axiña, por mor de tal adicación administrativa, a unha intensa práctica nas demarcacións e límites de concellos, partidos xudiciais e provincias próximas. O eco que deixou no seu pensamento aquel paso pola actividade administrativa revela ás claras a importancia que tivo para o matemático sublime¹.

¹ Salvador CABEZA DE LEÓN: *La Universidad de Santiago de Compostela*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Santiago de Compostela, 1947, tomo III, páxs. 78 e 80-84.

A súa actividade administrativa comezou cando, en representación do Val do Salnés, foi nomeado en 1818 individuo da Xunta creada en Santiago para o repartimento da contribución directa, que establecera Martín de Garay. Pero, como di o mesmo Fontán nos seus apuntes autobiográficos, “no sólo tubo que ser vocal, sino también Secretario de esta Junta, haciendo el gratuito servicio diariamente cinco horas en el despacho de esta oficina”. Neste traballo foi onde se decatou o matemático sublime da “utilidad de llebar adelante el de la Carta de Galicia”, procurándolle, así mesmo, o coñecemento de persoas interesadas na materia, como Xosé Valladares².

Esa etapa, estimada por Fontán como carga concellil, tivo eco en varias intervencións no Congreso dos Deputados. Na sesión do 10 de maio de 1838, por exemplo, dirá que: “En el año 1817 he tenido que ocuparme de estos trabajos por carga concejil, aunque honrosa. He sido individuo de una Junta de repartimento y estadística de la provincia de Santiago, reputada en un tercio de Galicia”. E con respecto ás funcións que tivo que desenvolver aclarou que: “Había entonces que repartir la contribución territorial que se decretó por el Gobierno bajo el Ministerio del Sr. Garay; y para desempeñar como era debido aquel trabajo, realicé el pensamiento que acabo de exponer, pues tomé en cuenta los novenos de quince años y las casas diezmeras...”³.

O día 9 de xuño de 1820 volviu a instalarse a Deputación provincial de Galicia, suprimida por Real Decreto do 15 de xuño de 1814, iniciándose así unha segunda etapa no funcionamento do organismo de ámbito galego. O primeiro Secretario da corporación nesa segunda etapa foi Pascual Muñíz, pero axiña foi substituído por Domingo Fontán, quen xa naquel momento tiña sona de notable matemático. Nos seus apuntes autobiográficos revelou as circunstancias en que foi nomeado secretario da Deputación provincial de Galicia, sinalando que, trunfante a revolución de 1820, “se vio llamado para desempeñar otros de no menor importancia en la Diputación provincial de Galicia, buscándosele para servir el destino de Secretario suyo, no ya gratuitamente, sino con un sueldo que el mismo limitó a la cantidad de veinte mil reales, conservando no obstante la propiedad y sueldo de su cátedra”⁴.

² *Datos biográficos de D. Domingo Fontán Rodríguez*. En *D. Domingo Fontán y su Mapa de Galicia. En el primer centenario de la publicación*. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. Anejo I. Santiago de Compostela, 1946, páx. 63.

³ Para as citas dos *Diarios de Sesións de Cortes. Congreso de los Diputados* úsase a edición feita pola de J.A. García, considerando innecesario dar máis datos de localización que os referentes á sesión parlamentaria.

⁴ *Datos biográficos...*, páx. 63.

A intención dos que o levaron á secretaría da Deputación provincial de Galicia non era tanto a de ata-lo a un penoso servizo administrativo, como a de darlle a posibilidade de que elaborase a Carta Xeométrica de Galicia, tal como explica nos seus citados apuntes autobiográficos: “Era el objeto de los dignos Diputados, que así le honraron, coadyuvar a que más bien continuase su Carta de Galicia, que a que se viese engolfado en el despacho de expedientes: así fue que entonces hizo más progresos en sus operaciones geodésicas, dedicando a ellas el tiempo que podía en las mejores estaciones del año, autorizado con pasaportes para ser auxiliado; pero sin ser al mismo tiempo gravoso, ni a los pueblos, ni a los fondos de la Diputación, de la cual sólo recibía el sueldo de Secretario”⁵.

A actividade de Domingo Fontán como Secretario da Deputación provincial de Galicia estendiuse a tódolos aspectos do cargo, por moito que a intención fóra reduci-la o máis posible a todo o relacionado con estes asuntos de demarcación territorial. Cóstan informes elaborados ou asinados por Fontán, nos que se revela a amplitude da encomenda que lle fóra asignada. Hai documentos de trámite, sobre moi diversas cuestións, que revelan que a actividade de Domingo Fontán na Deputación provincial de Galicia e logo na Deputación provincial da Coruña non estivo tan limitada ás preocupacións pola demarcación e límites de Galicia e dos seus territorios administrativos. A literatura administrativa que leva a súa firma non é cativa e revela o cumprimento da súa actividade en plenitude, aínda que sempre, naturalmente, proxectada con máis paixón a prol daquelas cuestións que máis lle interesaban científicamente.

Consérvase un Informe remitido ó Secretario do Despacho da Gobernación da Península, datada en febreiro de 1821, no que se da idea dos establecementos de instrución e de ciencias. É unha crítica do funcionamento da Universidade compostelana, como gloria perdida, e dos seus profesores, desde unha perspectiva política. O escrito está dirixido ó Secretario do Despacho da Gobernación da Península e ten data de febreiro de 1821. O escrito comenza coas rendas que recibe a Universidade, a inversión no Colexio de Fonseca, na Biblioteca, na secretaría e nos porteiros. Cita os colexios que hai en Santiago, en Mondoñedo e Ourense. Con respecto á Universidade de Santiago sinala:

“La Universidad de Santiago se halla en el día en un estado lamentable de profesores. Debe exceptuarse sin embargo alguno que otro que es ilustrado, pero en general sus catedráticos son hombres del antiguo régimen que apenas han leído más libros que los peores que hay en sus respectivas profesiones, que ni conocen las bellas letras ni están al nivel de los tiempos. Sus ideas se resienten de sus estudios, sus opiniones son consi-

⁵ *Datos biográficos...*, pág. 64.

güentes a sus ideas, los jóvenes no pueden ser guiados por el bueno camino, y es un borrón, para el siglo el que exista una corporación literaria tan desprovista de ilustración”.

Despois de dicir que o edificio é fermoso e a biblioteca voluminosa e escollida, cita un precioso Gabinete de Instrumentos de Astronomía, Matemáticas e Física Experimental construídos polos máis célebres artistas. Dicindo, finalmente, que “esta colección se debe al rector que era entón de la Universidad, D. José Lamas Pardo, a su catedrático de Matemáticas, D. Domingo Fontán, y al profesor de Astronomía D. José Rodríguez, que corrió en París con la remesa de los instrumentos”⁶.

O 18 de marzo de 1821 remite ó Gobernador político escrito sobre os Escribáns, no que consta a proposta da Deputación provincial no senso de que aqueles tiveran a mesma mobilidade que os xuíces e os secretarios xudiciais. Na minuta sinalase que “ha observado la Diputación que gran número de estos funcionarios se han enriquecido y hecho propietarios grandes con respecto a su clase, y no puede persuadir que los fondos para estas adquisiciones sean solo el producto de los ahorros en los justos derechos de sus oficios; ha notado al mismo tiempo que tales empleados no solamente se hacen propietarios sino también poderosos en el influjo para los pueblos y ha visto que procurando estos Escribanos continuar en el predominio que tenían en los Jueces Abadengos extinguidos se empeñan en adquirirlo sobre los actuales Jueces letrados de 1ª instancia, y por desgracia lo consiguen”⁷.

A emisión de informes sobre a conduta de persoas determinadas, nun momento tan sensible ideolóxicamente, foi outra función que tivo que

⁶ O escrito é moi curioso gráficamente, xa que está elaborado con tres letras diferentes, dúas produto de dependentes da secretaría, pero unha parte parece que leva a mesma man de Domingo Fontán, precisamente na parte que se refire á Universidade de Santiago. O documento complétase cunha referencia á falta de bibliotecas públicas na provincia, sinalando que coas dos monasterios poderían facerse catro ou seis bibliotecas “aún después de haber entresacado para la biblioteca (tachada) de las Cortes un número considerable de volúmenes. O escrito remataba dicindo que: “Estas bibliotecas situadas en los pueblos principales, contribuirían infinito á la ilustración, si se tiene cuidado en desechar aquellos libros que por su antigüedad o por sus máximas no ofreciesen ninguna utilidad”. Esta minuta figura no Arquivo Rexional de Galicia, na Coruña.

⁷ A minuta deste documento está feita por un empregado da secretaría, sen que figure a man de Fontán nela. A proposta débese ó número de escribanos que había na provincia, polo que a Deputación ofrecía medidas para evitar a súa influencia, dando a idea de que “la traslación de los Escribanos numerarios de unos Juzgados a otros como se hace con los Jueces y demás empleados a lo menos por la primera vez en que han de organizarse los Juzgados de Primera instancia y los Ayuntamientos constitucionales...”. Figura tamén no Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña.

desenvolver Domingo Fontán no exercicio do cargo de Secretario da Deputación provincial de Galicia. Unha práctica habitual era que da Secretaría de Estado e Gobernación da Península pidiran informes ó Xefe do Goberno político e que este solicitara o concurso da Deputación provincial a tal efecto. O 22 de decembro de 1820 emite un informe sobre Xoaquín Hernández, a pedido da Secretaría de Estado, dicindo que “le mueve el concepto de buena conducta ciencia (sic) de interés y adhesión al sistema constitucional”. Outra, a pedido do mesmo, de data 2 de xaneiro de 1821, co marchamo de “Reservado”, sobre a petición de Xoaquín Blanco Maldonado para que se lle repuxera no seu posto, que fora gobernador da praza de Ferrol. Xosé María Arce como presidente e Domingo Fontán como secretario contestan o 8 de xaneiro dicindo que “lo acordó en sesión del 4 que reputado este individuo en la opinión pública por desafecto al actual sistema de gobierno de ningún modo conviene que vuelva a ocupar su destino de Gobernador del Ferrol”. En informe do 7 de xullo de 1821, dixo do ex xuíz Manuel Bernardino Pérez, para o Secretario de Estado, que “en su concepto un sujeto de conducta venal y desafecto al sistema según opinión pública”⁸.

O día 13 de abril de 1822 celebrou a Deputación provincial de Galicia a súa derradeira sesión. Remataba unha etapa importante na vida de Domingo Fontán na que puido acadar unha visión de Galicia como unidade cultural, para iniciarse outra, ó abeiro do Decreto das Cortes do 27 de xaneiro de 1822, polo que se dividiu a Galicia en catro provincias. Desaparecía a Deputación provincial de Galicia, para xurdir as catro Deputacións provinciais de Coruña, Lugo, Ourense e Vigo. De Secretario da Deputación provincial de Galicia pasou Fontán a Secretario da Deputación provincial da Coruña⁹. En calquera caso, para Domingo Fontán, a actividade administrativa tiña unha unidade vital, sen prexuízo cambios corporativos, tal como dixo en sesión parlamentaria do 24 de agosto de 1837: “Yo he estado tres años en la secretaría de una Diputación provincial y he visto esto...”.

⁸ Documentación custodiada no Arquivo Rexional do Reino de Galicia, na Coruña. Unha esculca noutros arquivos, sobre todo de concellos, cos que a Deputación provincial tivo relacións, poden completa-lo marco da actividade de Domingo Fontán.

⁹ Pablo GONZÁLEZ MARIÑAS: *Las Diputaciones provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al Constitucionalismo*. Deputación provincial da Coruña, Coruña, 1978. Ademais dos datos concretos relativos á Deputación provincial de Galicia, á que chama Deputación única de Galicia, explica o papel dos Gobernos políticos no seu desmantelamento, pág. 118.

2. Domingo Fontán e a Secretaría da Deputación Provincial da Coruña

O tránsito da Deputación provincial de Galicia ó sistema cuatripartito, integrado polas catro Deputacións provinciais de Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, como o das demais deputacións, debía facerse, dacordo co previsto no Decreto das Cortes do 27 de xaneiro de 1822, coas mínimas dificultades burocráticas e políticas. Inicialmente, permitía que os deputados existentes se mantiveran na Deputación do domicilio en que tiveran a súa sede respectiva, ata que se fixeran as novas eleccións. O persoal tampouco tivo problemas para integrarse nas Deputacións nas que tiñan os seus respectivos domicilios. O Goberno, por Real Orde do 1 de maio de 1822, aclarou que o persoal non estaba baixo a súa dependencia para a súa integración nas novas corporacións, o que facilitou a incorporación a novos destinos. Por Decreto do 4 de xaneiro de 1822, o mesmo Goberno declarou cesantes a aqueles funcionarios que non se integraron nas respectivas Deputacións, deixando cesantes, con cargo a Propios e Arbitrios, ós funcionarios que non se integraron¹⁰.

Domingo Fontán acollíuse á ista situación administrativa e pasou de Secretario da extinguida Deputación provincial de Galicia a Secretario da nacente Deputación provincial da Coruña, por te-la súa residencia precisamente na cidade da Coruña. Sen ruptura na súa situación administrativa, aínda que xa dentro dunha nova experiencia, sobre todo por ter que contribuir á instalación do novo organismo, Domingo Fontán foi Secretario da Deputación provincial da Coruña ata que foi suprimida o 23 de outubro de 1823, se ben na práctica o seu funcionamento foi xa nulo desde o mes de abril ou maio dese mesmo ano¹¹.

Ademais das funcións propias do titular da secretaría da Deputación provincial, Domingo Fontán asistiu a numerosas sesións do pleno da corporación. Na sesión de instalación, na que Antonio Loriga pronunciou un discurso programático, estivo presente e deu fe do acontecido asinando a acta. Pero, a súa presenza nas sesións non se limitaba á súa actuación como secretario da corporación, xa que o seu nome aparece citado nas actas cando se lle consultou sobre asuntos relacionados con límites territoriais da provincia, dos partidos xudiciais ou duns concellos con outros¹².

¹⁰ Pablo GONZÁLEZ MARIÑAS, Obra devandita, páx. 119 e seguintes.

¹¹ Salvador CABEZA DE LEÓN, Obra devandita, páx. 84.

¹² Diario Sesións das Cortes, sesión do Congreso do 20 de decembro de 1836, na que dixo que “he tenido una parte muy principal en la división de Galicia en sus cuatro provincias, en la subdivisión de estas en partidos judiciales, y aún en la formación de sus ayuntamientos”. Nunha nota do citado *Datos biográficos...*, publicados en “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fai constar Fontán que “se le encargó por el Real Acuerdo de la Audiencia de Galicia, en el año 1826, la actual división de su te-

Como experto en límites territoriais de Galicia, o seu nome aparece, por exemplo, na sesión do 11 de xuño, nos termos seguintes: “Se enteró la Diputación de la Real Orden expedida en 25 de abril último por la Secretaría del Despacho de la Gobernación de la Península en contestación a lo acordado por la antigua Diputación acerca de la Comisión del reconocimiento de límites de las provincias de Galicia, al cargo del Secretario”. Na sesión do 3 de xullo de 1822, en relación co repartimento de quintos e de contribucións, tamén se alude á súa autoridade en materia de límites do xeito seguinte: “Según los que ofrece el Archivo y los que facilitó el Secretario debidos a sus reconocimientos y planos topográficos, son limítrofes de esta Provincia con respecto a la de Vigo, los Partidos de Padrón, Sar y Mellid”. En sesión do día 23 de xullo, en relación co Expediente de unión do Caramiñal coa Pobra do Deán, ademais de pidirse informe ó Xefe Político, que fixera viaxe oficial recente, aproveitouse a ciencia de Fontán: “Y que así mismo exponga el Secretario lo que el particular se le ofrezca, mediante lo reconoció igualmente con el motivo del levantamiento del Plano de una parte de la Provincia: que se pasen las dichas Exposiciones a informe del Ayuntamiento del Caramiñal...”¹³.

Pola súa actividade secretarial aparece Domingo Fontán citado nas sesións por outros asuntos. Na sesión do 18 de xuño autorizóuselle para facilitar á Deputación de Palma as noticias que pidía en relación cos arbitrarios adoptados na provincia. O 6 de xullo, puxo dificultades indirectas ó pago dos haberes do médico de baños de Carballo, pois non estimaba dabondo a existencia do nomeamento para poder percibi-lo soldo, senón que era preciso probar que se exerceron as funcións, insistindo no mesmo criterio en sesión do 9 de xullo, cando volviu a suscitarse o mesmo asunto¹⁴.

rritorio en Juzgados; y otros trabajos relativos a este objeto, de que mucho antes se había ocupado, dieron lugar a que en 1835 le nombrase el Gobierno individuo de la Comisión de división territorial, y de otra que quedó sin efecto acerca de la división municipal de las provincias de Galicia”, pág. 65.

¹³ O Libro de Actas de la Diputación Provincial de La Coruña ten número de folio, número de sesión e data de celebración das sesións. Empeza pola sesión do día primeiro de xuño de 1822 e remata na número cincuenta e dous de data 31 de decembro dese mesmo ano. Citaremos polo número da sesión exclusivamente, dacordo co exemplar que se conserva no Arquivo da Deputación provincial da Coruña.

¹⁴ Paulino PEDRET CASADO: *Fontán en la Universidad de Santiago y diputado por Pontevedra. En “Cuadernos”*. pág. 101. En sesión do 24 de outubro de 1837 dicía que os médicos directores de baños son una plaga para el país”, engadindo a súa contribución á súa supresión cando estaba na Deputación: “Por esa razón la Diputación de Galicia hizo perfectísimamente, en la época pasada, de echar abajo todo esto y no dar un maravedí de propios; y yo me complazco en haber pertenecido a aquella corporación y en haber contribuído a esto” (pág. 108).

O típico arbitrismo administrativo de Domingo Fontán plasmouse na práctica cando tivo que organiza-la administración da Deputación provincial da Coruña, despois da súa experiencia como secretario da Deputación provincial de Galicia. En compañía do deputado Montero formou parte da Comisión de arreglo interior da Secretaría, co fin de propoñe-las regras máis sinxelas e metódicas pra a mellor ordenación do traballo e para o máis pronto e mellor despacho dos negocios. Desta referencia se desprende, pois, a intervención que tivo Fontán na elaboración do presuposto de gastos da corporación, a designación do número e dotación e o premio diario dos que se ocuparan nos traballos.

As vicisitudes dos gastos de secretaría e dos soldos de Domingo Fontán e do persoal da corporación foron abordados en máis dunha ocasión polo pleno da Deputación. En sesión do 15 de xuño se di que “se está adeudando el Haver del Secretario, Oficiales y dependientes” así como tódolos gastos de Secretaría desde abril, tendo en descuberto o Correo desde Novembro, acordándose que na próxima sesión se poña á firma o libramento, xa que non dependen do Goberno segundo Real Orde do 1 de Maio último. En sesión do 17 de Xuño púxose á firma a Nómina do Secretario, por 1.666,22 reais, así como as dos outros empregados. En canto ós gastos de Correo, 1 de xullo púxose a firma. Tamén se puxeron á firma os haberes do secretario e oficiais o 5 de agosto. Na sesión do 5 de novembro de 1822 faise constar: “Se puso a la firma la Nómina del haver del Secretario y Oficiales D. Ángel Silvelo y D. Nicolás de Ponte, correspondiente al mes de Octubre ultimo, cuio total es de dos mil doscientos cuarenta y nueve reales y treinta y dos maravedises Vellón...”. En sesión de 31 de decembro de 1822, sesión número 52, púxose á firma a nomina do haber mensual do Secretario, sendo suplidos polo secretario.

Das cincuenta e dúas sesións celebradas, máis as duas extraordinarias, Domingo Fontán deixou de asistir e de asina-las actas coa súa firma ás extraordinarias do 1 e do 6 de setembro, así como ás do 11, 26 do mesmo mes, as de 5, 16, 17, 22, 25 e 29 de outubro, ás de 5, 25, 26 e 30 de novembro, para estar de novo dando fe das sesións do 5, 9, 10, 12, 30 e 31 de decembro de ese ano de 1822. A xustificación destas ausencias é perfectamente explicable, xa que eran debidas á comisión que recibiu da propia corporación para que rematase o seu traballo e emitira o seu informe sobre os límites territoriais.

En sesión do 15 de agosto faise constar que a Comisión encargada de propoñe-lo conveniente ó cumprimento da Real Orde do 20 do pasado, relativa ó recoñecemento e demarcación dos límites das Provincias e arreglo ulterior dos Partidos, presentou o resultado das súas observacións, reducidas a que confirmando esta Provincia coas de Lugo e Vigo, estando fixados dun modo invariable os seus límites respecto a esta polo curso

do Ulla, e non así respecto ós da de Lugo, que comprende os Partidos de Santa Marta, Pontedeume, Betanzos, Poulo e Melide, debía fixarse a liña sinalada polo Decreto das Cortes de 27 de xaneiro deste ano, recoñecendo nunha extensión de dúas ou tres leguas a súa dereita e esquerda. A Comisión coidaba axeitado acepta-la proposta da Deputación de Lugo relativa á verificación do proxecto de recoñecemento de límites, acordado pola de Galicia, “y cometido a D. Domingo Fontán, Secretario de esta Corporación”, pero “pero siempre que se redujese tan sólo a los que son comunes a las dos provincias”, aconsellando que debía emprenderse canto antes.

En sesión do 24 de agosto volviu a ser tratado o asunto polo pleno da Corporación: “El Secretario hizo presente la necesidad de que se le fijase el día en que debiese partir al desempeño de la Comisión de límites de la provincia, acordada en Sesión de quince del corriente, por ser indispensable aprovechar el buen tiempo, para llevarla a cabo; y se acordó que lo verifique desde luego, abonándosele el sobre sueldo de Cien reales diarios para subvenir a los gastos que se le ocasionen, y librando al efecto la Cantidad de Seis mil reales poniendose todo en conocimiento de la Diputación Provincial de Lugo en contestación a su oficio de Siete del corriente, aceptándose su propuesta en esta parte, siempre que satisfaga por mitad de los gastos que se motiven”. Tamén se acordou que “igualmente que se pase la orden correspondiente a los Ayuntamientos de los Partidos limítrofes para que faciliten al Secretario o a los que trabajen a sus órdenes, los auxilios que pida, en Especial los de guías y prácticos, previéndolo así a los Mayordomos pedáneos, con quienes tendrá una comunicación más frecuente”. E como remate do acordo, determinouse “que se oficie al Sor. Comandante General para que se sirva expedirle una Orden general, a fin de que se imparta el auxilio Militar en los casos en que lo reclame”¹⁵.

Na súa calidade de Secretario da Deputación provincial da Coruña, Domingo Fontán asistiu, así mesmo, ás reunións da Xunta da Deputación e Acreedores do Estado, celebradas no mes de agosto do ano 1822. Na sesión do 7 de agosto, Fontán propuxo que, ademais dos individuos que elixiran ós comisionados da Coruña na Xunta da Corte, se elixira outro por Santiago, Ferrol e Betanzos, como acreedores do Estado. A reunión está certificada por Domingo Fontán, como secretario da Deputación provincial da Coruña.

¹⁵ A colaboración das autoridades non lle faltou a Fontán noutras ocasións para poder levar a cabo a Carta Xeométrica de Galicia. Por exemplo, nas páxinas 84-85 do libro editado por *Cuadernos de Estudios Gallegos* reproducese un oficio do Comandante de Mariña de Vigo para que se den facilidades no seu traballo. O Oficio, asinado en Vigo, ten data do 28 de febreiro de 1829.

A actividade administrativa de Domingo Fontán ó servizo da Deputación provincial da Coruña proxectouse noutros moitos aspectos. Non faltaron os informes sobre a conduta política daqueles que aspiraban a cargos públicos. Por exemplo, coa data do 7 de xaneiro de 1823, Antonio Loriga en calidade de Xefe Político da provincia, dirixiuse ó Presidente e vocais da Deputación da provincia, en solicitude de informe sobre a conduta política e moral de Gregorio Gil, cura párroco de Santa Cruz de Rivadulla. En sesión do 1 de marzo de 1823, a Deputación acordou pedir tal informe ó Concello constitucional de Santiago, o que foi cumprimentado polo Presidente, Manuel García Barros, e por Domingo Fontán como secretario, na mesma data: “para que se sirva informarla lo que le conste, se le ofrezca y parezca”.

A actividade secretarial de Domingo Fontán rematou cando as Deputacións provinciais deixaron de funcionar practicamente desde o mes de maio de 1823. Aínda que non foron suprimidas oficialmente ata o día 23 de outubro, o certo é que a súa paralización era xa efectiva desde moito antes¹⁶. O paso de Fontán pola Xunta de repartimento da contribución directa da provincia de Santiago, polas secretarías da Deputación provincial de Galicia e da Deputación provincial da Coruña non se fechará coa súa derradeira experiencia na actividade administrativa, xa que no ano 1840, aproveitando a súa exclusión como candidato a deputado a Cortes, foi elixido deputado da Deputación da provincia de Pontevedra, en representación do distrito de A Lama ¹⁷.

A participación nas actividades administrativas das Deputacións provinciais de Galicia e da Coruña tiveron consecuencias directas sobre a perda da súa cátedra da Universidade compostelana. Despois de que a Dirección Xeral de Estudos mandara, o 21 de xaneiro de 1823, que se lle seguira respetando a cátedra, o 23 de xullo de 1823 foi suspendido na súa actividade docente. Domingo Fontán no dubidaba en que a causa inmediata fora o seu esforzo ó servizo da Deputación provincial de Galicia e da Deputación provincial da Coruña: “El fruto de una ocupación tan asídua en el Servicio de la Secretaría por espacio de tres años y de los desembolsos hechos, consumiendo en el campo cuanto podía ahorrar, para llevar a cabo obra tan importante y que en nada se rozaba con la política, obra igualmente util a los Gobiernos absolutos que a representativos, fue perder el destino de profesor público por espacio de tres años: al cabo de

¹⁶ Pablo GONZÁLEZ MARIÑAS, *Obra devandita*, páx. 133 e seguintes.

¹⁷ Xosé FARIÑA JAMARDO e Miguel PEREIRA FIGUEROA: *La Diputación de Pontevedra. 1836-1986*. Pontevedra, 1986, páx. 133, onde consta que Fontán tomou posesión como deputado provincial o 1 de xaneiro de 1841. En canto á purificación en 1826, *Datos biográficos...*, páx. 64.

los cuales debió a la piedad del Rey ser repuesto honrosamente en él”¹⁸. Ata o 22 de agosto de 1826, en que foi rehabilitado por Real Orde, pagará as consecuencias das súas vivas preocupacións pola súa actividade administrativo-política en calidade de Secretario da Deputación provincial de Galicia e da Deputación provincial da Coruña. Pero, tampouco será esta a derradeira vez que viva tal experiencia, xa que en 1840 veráse privado da dirección do Observatorio Meteorolóxico de Madrid, tamén por razóns políticas, pero agora de signo distinto.

3. A literatura burocrática e a presenza administrativa de Domingo Fontán

Na súa condición de secretario das Deputacións provinciais de Galicia e da Coruña, Domingo Fontán tivo ocasión de estampa-la súa sinatura en moi diversos documentos administrativos. Se ben moitos dos documentos poden ser da súa paternidade, non sempre será doado atribuírle a autoría de escritos elaborados por órganos colectivos ou por outros órganos, nos que sempre poden intervir mans diversas. Sexa ou non o autor directo, incluso de documentos que levan a firma do presidente, o certo é que tivo que atender a esta actividade, á que chamamos agora literatura administrativa ou burocrática, por chamarlle dalgún xeito e con moita indulxencia. Aínda que tales documentos non poidan atribuírselle a Fontán con toda certeza, cando menos son papeis sobre os que actuou ou supervisou dalgún xeito no exercicio das súas funcións secretariais.

A literatura administrativa impresa que tivo cando menos que asinar Domingo Fontán extendiuse a moi variados asuntos. Os repartimentos de contribucións, o repartimento de quintos, a publicación dos presupostos da propia Deputación foron publicados baixo a súa firma en diversas ocasións. Se outras actividades pasaban inadvertidas para o público en xeral, a literatura administrativa impresa, en cambio, na medida en que se expoñía ó público, se editaba e se facía circular amplamente permitía darlle ó seu nome unha difusión pública máis extensa cando menos nesta actividade administrativa da secretaría das Deputacións provinciais de Galicia ou da Coruña.

Como Secretario da Deputación provincial de Galicia asinou a *Instrucción para el repartimiento y arreglo interino de la contribución general en Galicia, dispuesta por su Diputación provincial*, de data na Coruña 18 de agosto de 1820. Consta de catro follas, tamaño cuartilla, sen pe de páxina, aínda que o máis probable é que fóra tirada no prelo da mesma Deputación. Contén un longo limiar, que acolle toda a primeira páxina, logo

¹⁸ Non ten pé de imprenta. Pode consultarse no Fondo Baltar, do Museo de Pontevedra.

do longo título, para despois en dous capítulos iniciais desenvolveo articulado en doce parágrafos diferentes, adicados á parte dispositiva.

O limiar é importante para centra-lo pensamento de Domingo Fontán, xa que suscita os vencellos entre a contribución e a nova división do territorio, materias sobre as que Fontán estivo sempre moi interesado. Di así no primeiro parágrafo: “La Diputación Provincial de Galicia ha tomado en consideración la necesidad de uniformar el arreglo y repartimiento de la Contribución general a la nueva división del territorio de la Provincia que ha producido el establecimiento de los Ayuntamientos Constitucionales; pues abolidas ya las antiguas Jurisdicciones y desmembrados los distritos formados para la colocación de Juntas de repartimiento de Pueblo, sería la cosa más irregular y ocasión de infinitas cuestiones, que perteneciendo una Parroquia a determinado Ayuntamiento para su gobierno político y económico, subsistiese agregada a diferente comarca sólo para el objeto de recibir sus cuotas de Contribución”¹⁹.

Outro problema no que ten xa experiencia, pero que tenta de desenvolver con calma, é o da subsistencia das Xuntas de partido para o repartimento: “Ha considerado asimismo la Diputación, que si bien puede desde luego disolverse la Junta principal Provincial de Repartimiento, cuyas atribuciones y facultades son en el actual sistema privativas de la Diputación, y si las llamadas Juntas de Pueblo deben ser subrogadas por los Ayuntamientos, no sucede lo mismo con las denominadas Juntas de Partido, porque no está designada autoridad que las reemplaze; y aunque en Provincias no menos dilatadas no fuera difícil que las Diputaciones se entendiesen inmediatamente en este ramo con los Ayuntamientos de los Pueblos, es imposible verificarlo en una Provincia como la de Galicia seis veces más extensa y poblada que la mayor parte de las de España; y debiendo resultar de ella más de... mil Ayuntamientos, produgera muy grande confusión la correspondencia directa con todos en una materia tan complicada y en que son continuos los recursos y reclamaciones, pudiendo con verdad asegurarse que los noventa días de sus sesiones no baraarían a la Diputación para oírlos, aún cuando no hubiese de emplearse en otros asuntos”.

A parte dispositiva consta de dous capítulos, o primeiro con once artigos e o segundo con vinteun, titulado o primeiro *De las Juntas de Repartimiento* e o segundo subliñado como *De los repartos de cuotas de contribución*. Polo artigo primeiro do capítulo primeiro disólvese a Xunta

¹⁹ Na sesión segunda da Deputación Provincial da Coruña, celebrada o 5 de xuño de 1822, insistiuse neste aspecto da división territorial, ó dar conta do Decreto das Cortes de 27 de xaneiro sobre a división territorial, acordando consultar ó Goberno sobre o estado das parroquias que pertenceran a máis de un municipio, establecendo entre tanto unhas normas provisionais.

principal de Repartimento, mandando que se remitan á Secretaría da Deputación tódolos expedientes que existan nela, deixando subsistentes polo de agora as Xuntas de Repartimento dos sete Partidos de Rendas de Galicia establecidas nas súas respectivas capitais, co mesmo territorio, pero redondeando en número determinado de parroquias, cedendo as fraccións de Parroquia pertencentes a outro Partido de Rendas a de aquel donde estivera situada a Igrexa parroquial ²⁰.

O capítulo segundo, titulado *De los repartos de cuotas de contribución*, consta de vinteun artigos. Atribúe á Contaduría principal de Rendas da Provincia o repartimento da cantidade de contribución cargada a Galicia entre os sete partidos de rendas, comunicándolle a cada un o seu cupo, facéndose a subdivisión por parroquias. As Xuntas de Partido pedirán noticia das cuotas de contribución. Os Concellos nomearán peritos.

O artigo 21 insta ó celo das Xuntas e dos Concellos para abrevialas operacións de reparto e cobranza, co fin de que os pobos poidan aproveitarse do beneficio concedido polas Cortes dunha rebaixa da terceira parte das súas cuotas, se se fan entrega na Depositaria antes do 30 de setembro, dando a esta disposición toda a publicidade posible²¹.

Outra peza de literatura burocrática que saíu ó público baixo a sinatura de Domingo Fontán foi o *Repartimento* que, coa data do 10 de decembro de 1822, fixo a Deputación provincial da Coruña entre os concellos da provincia dos 438.574 reais de vellón que a mesma Deputación impón con arreglo a facultade que lle concede o artigo 11 do decreto das Cortes de 29 de maio de 1822 ate fin de xuño de 1823. Inclúe os gastos da Secretaría e o seu anexo, Xulgados de primeira instancia, Médicos de baños, viáticos de Deputados a Cortes, auxilio ó Diario, atrasos e haber do Depositario, cargando 292.000 reais, sobre o cupo da contribución territorial, e os 146.574 reás de vellón restantes sobre a de consumo. A relación está feita por partidos e dentro de cada un por concellos con respecto á contribución territorial e a contribución de consumos, expresando o total. Un resume xeral, por partidos, recolle como contribución territo-

²⁰ No artigo 10 suprimíanse as Xuntas de repartimento de Pueblo, chamadas en Galicia de Distrito, para ser reemplazadas polos respectivos Concellos dos pobos das súas demarcacións. Entre outras cousas, tamén se suprimía o recargo do un e medio por cento sobre as cuotas de contribución, sinalado para gastos de escritorio das Xuntas principal, de Partido de de Pueblo.

²¹ No artigo 16 sinálase que as Xuntas de Partido, para face-la distribución por parroquias, pedirán noticia das cuotas de contribución que pagan actualmente, do valor dos seus dezmos, e dos demais datos e presupostos que pidan adquirir, mediante a responsabilidade que na exactitude desta operación carga sobre as devanditas Xuntas.

rial para a provincia de 292.000, 146.574 de consumos e total 438.574 reais de vellón²².

Domingo Fontán será sempre moi sensible á unha xusta elaboración das normas a prol da contribución de sangue, á que chamaba a máis dura das contribucións. Se como lexislador terá ocasión de loitar para que se faga a máxima xusticia distributiva dentro do sistema, como secretario da Deputación provincial atopouse con normas xa aprobadas, ás que non cabía máis que aplicarlas axeitadamente. Un dos repartimentos asinados polo matemático sublime levaba o expresivo e seguinte título: *Repartimiento hecho por la Diputación provincial de La Coruña de doscientos treinta y nueve hombres y siete décimos de otro, que han correspondido a dicha provincia para el reemplazo del Ejército, decretado por las Cortes en 8 de junio último, tomando por base la población de cada Ayuntamiento, con deducción de cuatro almas por cada matriculado*". As operacións están descritas, moi polo miúdo, polo que se pode segui-lo procedemento con detalle²³.

O 31 de decembro de 1822 publicouse baixo a súa sinatura o Aviso dirixido ós concellos, fixando o término perentorio na típica linguaxe conminatoria da literatura administrativa, advertindo que "en intelixencia de que los Ayuntamientos que descuiden este especial encargo, incurrirán por cada falta que ocurra en la multa de veinte ducados de irremisible exacción". Incluso o Secretario incurrirían en multa de cen ducados, "sin perjuicio de agravar esta pena con proporción a la morosidad que se advierte"²⁴.

A preparación do presuposto de gastos da Deputación provincial da Coruña correspondía por atribución legal ó Secretario da corporación. A estrutura dos presupostos era moi sinxela naquel momento, xa que nos mesmos non figuraban máis que os gastos. Os ingresos nos presupostos do Estado figuraban en instrumentos distintos, e moito máis nos provinciais, nos que figuraban tamén diversos capítulos emanados do Estado. Consérvase o Presuposto de gastos da Provincia da Coruña, ó cargo da Depositaria da Deputación provincial, en documento impreso, en dúas fo-

²² Arquivo da Deputación provincial da Coruña, incorporado ó libro I das actas de 1822.

²³ En cada Partido fíxanse as parroquias e os homes e décimos que corresponden a cada unha, facendo tamén unha distribución xeral por partidos. Está asinado na Coruña, a 27 de xullo de 1822, por Antonio Loriga como presidente e Domingo Fontán como secretario da Deputación provincial coruñesa.

²⁴ O escrito, dirixido ós señores do Concello constitucional de..., está suscrito por Antonio Loriga, como presidente, e por Domingo Fontán, como secretario.

llas, de data 10 de decembro de 1822, baixo a sinatura de Antonio Loriga como presidente e de Domingo Fontán en calidade de Secretario²⁵.

O presuposto de gastos dividíase, por razón da materia, en seis capítulos. O de Secretaría e seu anexo ascende a 134.364 reais de vellón; o de Xulgados de primeira instancia a 202.125; o de Médicos de baños a 8.000; o dos Viáticos de Deputados a Cortes a 60.000; o de auxilio ó Diario, 10.000, e o de Atrasos e haber do Depositario, ascendía a 23.285 reais de vellón, cun total xeral de 438.574 reais de vellón. Cada capítulo está detallado máis polo miúdo. O de Xulgados, era para abono de 13 xuíces de primeira instancia, a 11.000 reás de vellón, así como promotores fiscais, fiscais e alguacís. Os Viáticos dos Deputados correspondían ata finais da lexislatura de 1822 e 1823, contando os atrasos que se lle adeudaban e puideran corresponder á provincia. O auxilio ó Diario da Coruña era para remitir exemplares ós concellos da provincia desde o 15 de outubro de 1822 ata o fin de xuño de 1823²⁶.

En canto ós gastos de Secretaría e seu anexo, faise constar o haber do Secretario ó ano por importe de 20.000 reás, constando 3.333 por dous meses. Tamén constan dos do Oficial 1º, os do Oficial 2º, outro oficial, un escribente, outro e dous mais, o porteiro, dous salvaguardias, cesantes de propios, outro oficial primeiro seis meses. Ademais dos gastos de personal figuran por correo e escritorio, por impresións, polo Diario de Cortes e xornais e decretos e os extraordinarios e imprevistos²⁶.

²⁵ O resumo do presuposto de gastos da Deputación provincial da Coruña, asinado o 10 de decembro de 1822, desglosábase dacordo coa seguinte:

RECAPITULACIÓN GENERAL

Secretaría y su anexo rs. vn.....	134.364
Juzgados de primera instancia.....	202.125
Médicos de baños.....	8.000
Viáticos de Señores Diputados en Cortes.....	60.000
Auxilio al Diario.....	10.800
Atrasos y haber del Depositario.....	23.285
Total general.....	438.574

Coruña, 10 de diciembre de 1822

Antonio Loriga, Presidente

Domingo Fontán, Secretario

Para unha visión comparativa con este e outros aspectos das Deputacións, María Luisa MEIJIDE PARDO: *Contribución al estudio del liberalismo*. Edicións do Castro, 1983.

²⁶ Como sabemos, Fontán era contrario ó abono polas Deputacións provinciais dos gastos dos xuíces e dos médicos de baños. Así o fixo constar, con respecto ós xuíces, en sesión parlamentaria do 4 de setembro de 1837; e con respecto ós médicos de baños, na sesión parlamentaria do 26 de novembro de 1836 e na de 27 de outubro de 1837. Ollar-la Nota 14, para máis detalles sobre este asunto concreto.